

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

*OEP agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018: modificación de datas de probas de procesos selectivos e cambio dun membro de dous tribunais*

#### ANUNCIO

**Resolución da presidencia pola que se modifica a composición de tribunais cualificadores e se fixan novas datas para as probas dos procesos selectivos correspondentes á Oferta de Emprego Público agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018**

Por resolución número 18550 do 12 de xuño de 2020, que se transcribe a continuación, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Valentín González Formoso, resolveu modificar a composición dalgúns tribunais e fixar novas datas para a celebración das probas dos procesos selectivos correspondentes á OEP dos anos 2016, 2017 e 2018:

“No Boletín Oficial da Provincia n.º 27 de 10 de febreiro de 2020, publicouse a resolución de presidencia número 4412/2020, do 6 de febreiro de 2020, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas aos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público agrupada dos anos 2016, 2017 e 2018, se anuncian as datas, horas e lugares de celebración das probas e se nomean os tribunais cualificadores.

Posteriormente, coa aprobación do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedaron suspendidos os prazos administrativos e non puideron realizarse os exames. Reanudados os prazos, cumpre fixar novas datas para a realización das probas e, ademais, por razóns organizativas, é preciso modificar a composición dalgún tribunal.

Polo exposto, e no exercicio das competencias establecidas no artigo 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local,

#### RESOLVO:

1. Convocar, en chamamento único, ás persoas aspirantes admitidas con carácter definitivo ás probas selectivas para prover as prazas incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2016, 2017 e 2018, para realización do primeiro exercicio da fase de oposición que terá lugar nas datas, horas e lugares que se indican a continuación:

- Profesor/a de secundaria, especialidade Debuxo: día 7 de xullo de 2020, ás 10.00 horas, na Sala Juanjo Gallo da Deputación Provincial (Avda. Porto da Coruña n.º 2, 15003 A Coruña).
- Profesor/a técnico/a de FP, especialidade Fabricación e instalación de carpintería e moble: día 3 de xullo de 2020, ás 10.00 horas, na Sala de Comisións da Deputación Provincial (Avda. Porto da Coruña n.º 2, 15003 A Coruña).
- Profesor/a de secundaria, especialidade Organización e proxectos de fabricación mecánica: día 1 de xullo de 2020, ás 10.00 horas, na Sala Juanjo Gallo da Deputación Provincial (Avda. Porto da Coruña n.º 2, 15003 A Coruña).
- Profesor/a técnico/a de FP, especialidade Soldadura: día 9 de xullo de 2020, ás 10.00 horas, na Sala de Comisións da Deputación Provincial (Avda. Porto da Coruña n.º 2, 15003 A Coruña).
- Profesor/a de Danza: día 8 de setembro de 2020, ás 10.00 horas, na Sala Juanjo Gallo da Deputación Provincial (Avda. Porto da Coruña n.º 2 15003 A Coruña).

2. Nomear a Miguel Barral González secretario suplente dos tribunais dos procesos selectivos de profesor/a de secundaria, especialidade Organización e proxectos de fabricación mecánica, e de profesor/a de Danza, en substitución, en ambos casos, de Carlos Hervella Couceiro.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente, nos termos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.”

A Coruña, 15 de xuño de 2020.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

PDFR 26013/2019 DO 29/07/2019

O DEPUTADO

Antonio Leira Piñeiro

José Luis Almau Supervía